

CONCELLO DE TOURO

Rúa Isabel II, 26 (Fonte Díaz)
15822 – Touro (A Coruña)
Att. Sr. Alcalde-Presidente

Touro, 27 de abril do 2020

ASUNTO: FACTURACIÓN 1º PERÍODO 2020. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS COVID-19

Coa presente infórmase das medidas extraordinarias que Espina & Delfín considera seguir para contribuír a minguar o impacto do Covid-19 na nosa contorna:

- Decidiuse en aras da protección dos nosos operarios e por conseguinte, da poboación en xeral, suspender as lecturas este trimestre. Debemos garantir a prestación do servizo, evitando correr o mínimo risco. Este período a facturación farase por un estimado.
- Duplicar o período voluntario de pago do 1º trimestre do ano 2020 ata os catro meses, quedando así ampliado ata principios de setembro do ano 2020 (O período de pago normal desenrolaríase durante os meses de maio e xuño). O mesmo tempo tamén se retrasa a data do cargo no banco dos recibos domiciliados de maio ata xuño.
- Continuar coa paralización dos expedientes de corte de auga por impago, ata que se normalice a situación de alerta (actualmente paralizados legalmente).
- Continuar coas medidas de aprazamento de pago mediante o fraccionamento dos recibos, para aqueles aboados que así o precisen e configuren un plan de pagos.

Por outra banda, recordar as medidas que dende o principio do estado de alarma e en coherencia coas tomadas polas distintas Administracións para combater a expansión da enfermidade provocada polo COVID-19, e en coordinación tamén coas autoridades municipais se están a levar a cabo no Servizo Municipal de Augas:

- A empresa Espina & Delfín pecha temporalmente ao público as súas oficinas dos servizos de augas.
- Reforza tamén os seus servizos de atención á cidadanía polas vías telefónica e telemática. Unicamente se prestará atención presencial en circunstancias excepcionais. Estas medidas seguirán evolucionando en función da situación.
- Durante o tempo que dure o Estado de Alarma seguiránse realizando de forma ininterrompida toda as accións necesarias para que a auga chegue o consumidor cumprindo os criterios de calidade establecidos no RD 140/2003, po lo que se establecen os criterios de calidade da auga de consumo humano. Respecto o autocontrol seguiranse realizando estritamente os mesmos tratamentos, accións correctoras e de mantemento.

Atentamente,



Verónica Castro Quintáns
Servizo de Augas de Touro
27 de abril do 2020